SELLO DE ÓRGANO 2024 (1 para 2)
Concello de Viana do Bolo
Data de Sinatura: 08/01/2026
HASH: e4af15df34f587de9ff11925eaa22f9e1

GERMAN AURELIO GARCIA AVILA ARIAS (2 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 08/01/2026
HASH: 89dc6f3c4ef911b10b5506e5f4a38288

Expediente núm.: 07/2026

Procedemento: Concurso de Carrozas e Concurso de Disfraces. Entrudio 2026.

BASES DO CONCURSO DE CARROZAS DO ENTRUDIO 2026 VIANA DO BOLO

1.- Poderán participar os grupos que así o desexen, que vaian convenientemente ataviados e organizados (cumprindo uns requisitos mínimos que quedarán a xuízo do Xurado).

2.- Os/as participantes deberán presentarse polo menos quince minutos antes do comezo do desfile (11:00 h) no lugar de concentración (C/ Toural) e colocarse segundo a orde fixada pola organización.

3.- As inscricións para o concurso de carrozas serán ata o xoves 12 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas nas oficinas do Concello de Viana do Bolo sita na Rúa Constitución nº 14.

Na inscrición indicarase o nome do grupo, o número de compoñentes do mesmo e a persoa que representa ao devandito grupo, cun teléfono de contacto.

4.- Un Xurado, composto por representantes de dúas asociacións culturais do Concello e un traballador do mesmo, valorará cada carroza cunha puntuación de 0 a 5 puntos. Aquela que obteña maior número de puntuación será a gañadora, outorgándose os demais premios segundo a puntuación acadada. Valorarase a orixinalidade, a tradición, creatividade e vistosidade do traballo.

Poderá declararse deserto algún premio se se estima oportuno.

5.- **A entrega de premios realizarase polo Concello, nos días posteriores ao desfile achegando polos/as gañadores/as fotocopia do DNI e certificado da conta bancaria.**

Os premios para o concurso de Carrozas son os seguintes:

- 1º PREMIO: 1000 EUROS
- 2º PREMIO: 750 EUROS
- 3º PREMIO: 500 EUROS

Además todas as carrozas non premiadas, só por participar, contarán cunha axuda de 200 €.

6.- **A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito exclusivo do Concello de Viana do Bolo.**

Cod. Validación: 3DWS5JXTTJSKYNDSHFM4XD6EC
Corrección: https://vianadobolo.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1